

ORIENTACIÓN S PARA AS PROBAS DE LITERATURA DRAMÁTICA ABAU 2024

Prezadas e prezados colegas:

Achegámostvos esta circular para facervos chegar instrucións e orientacións para as probas ABAU 2024.

O primeiro que queremos facer é presentarnos. Neste primeiro ano, a directora do grupo de traballo son eu, Rosa Pérez, con Carmen Luna como subdirectora. Poñémonos ao voso dispor para calquera suxestión ou pregunta que teñades.

Queremos recordarvos, antes de outras consideracións, que na ABAU de 2024 os currículos estarán determinados, salvo instrución noutro sentido, pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022). Este cambio normativo implicará a futuro cambios nos xeitos de avaliar o alumnado.

Tamén queremos que teñades presente que as decisións tomadas para a ABAU 2024, que vos transmitimos nesta circular, están pensadas para este curso e non necesariamente permanecerán inalteradas nos cursos seguintes. Esta é unha materia nova e o grupo de traballo constituíuse co curso xa avanzado, o que condiciona parcialmente as decisións que se poden tomar. Ao tempo que estamos planificando a proba de 2024, estamos xa mirando ao futuro, para o que teremos en consideración as suxestións que vós, docentes da materia, nos fagades chegar, ademais, claro, do que o Ministerio dite.

SOBRE O MODELO DE EXAME

Neste curso, que, segundo parece, será o último antes do comezo dos cambios que está a anunciar o Ministerio, non están previstos cambios, en xeral, nos modelos de exame, que continuarán respondendo ao que coñecemos como “modelo COVID”. No noso caso, adoptaremos un modelo cunha estrutura semellante a do exame de Artes Escénicas: catro preguntas, cada unha cun valor de 5 puntos, das que o alumnado poderá escoller libremente dúas.

Co fin de valorar tanto o coñecemento teórico como o práctico adquirido nunha materia na que se persegue ao unísono fomentar a creatividade e a comprensión do proceso de creación e interpretación dunha obra dramática, consideramos conveniente alternar preguntas nas que o alumnado despreque os seus coñecementos teóricos con outras de aplicación creativa deses coñecementos. Desta maneira non constrinximos a liberdade do profesorado para usar na aula distintas metodoloxías, unhas máis teóricas, outras máis prácticas, para o ensino da literatura dramática.

Desas catro preguntas, dúas estarán baseadas en fragmentos de textos para comentar: nunha delas pedirase un comentario de texto completo; na outra só se solicitará o comentario dun aspecto concreto básico da escritura dramática. As outras dúas terán cada unha, á súa vez, dúas opcións: unha delas será unha pregunta de desenvolvemento teórico ou conceptual e a outra unha proposta na que a alumna ou alumno poderá ben crear pequenos textos dramáticos que partan dunhas premisas dadas, ben inventar e definir novas e pequenas propostas partindo de fragmentos dramáticos dados, nos que podan aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos na aula de forma creativa.

SOBRE OS CONTIDOS

Neste curso, dado que xa estamos rematando o primeiro trimestre, non consideramos apropiado sinalar lecturas concretas, antoloxías ou fragmentos de obras de lectura obrigatoria ou

recomendada nas que se poidan basear as preguntas de comentario de texto. Non descartamos esa opción para o futuro, tendo en conta sempre que, segundo as directrices do Ministerio para esta materia, o mellor é limitar o menos posible a liberdade do profesorado.

En todo caso, os fragmentos de texto nos que se basearán as propostas de preguntas teóricas e críticas serán o bastante representativos como para que non sexa necesario coñecer o texto para responder a pregunta. Non se pedirá, polo tanto, contextualización da obra nin datos externos ao propio fragmento como determinación do autor, relación do texto co contexto histórico e ideolóxico ou situación e transcendencia do fragmento respecto á totalidade da obra. No comentario completo pedirase unha análise do contido, unha análise da forma e unha valoración crítica persoal. No comentario dun aspecto concreto pedirase a análise dun trazo formal nun fragmento dramático, é dicir, un aspecto formal en relación á estrutura do fragmento (interna e externa), ao espazo e ao tempo, aos personaxes, aspectos textuais e recursos retóricos.

Canto ás preguntas de contidos teóricos, referiranse a aspectos xerais e básicos da creación dramática (elementos estruturais internos e externos, conflito, personaxes, espacialidade, temporalidade e modalidades discursivas básicas).

As preguntas de creación permitirán ao alumnado amosar a súa capacidade para compoñer pequenos textos dramáticos partindo dunhas premisas ou inventar e definir novas e pequenas propostas partindo de fragmentos dramáticos dados. O obxectivo que se persegue é que mostre a súa capacidade creativa e o coñecemento dos trazos formais dun texto dramático, así como estilo e calidade literaria, no sentido de que a súa proposta posúa, na versión máis esixente, orixinalidade, dominio da acción dramática, pertinencia da linguaxe dos personaxes, uso de figuras retórica non gratuítas, atribución de valor simbólico ou poético a algún elemento do espazo ou referenciado en escena, orde na exposición da anotación inicial e valor subtextual das restantes.

SOBRE OS CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

PREGUNTA 1. Desenvolver dúas das seguintes cuestións. Unha teórica e outra práctica (5 puntos)

- 1.1. Pregunta de desenvolvemento teórico e conceptual dun aspecto básico da literatura dramática (5 puntos)
 - 1.1.1. Precisión na definición (2,5)
 - 1.1.2. Valoración da súa funcionalidade na escritura dramática (2,5)
- 1.2. Creación dun texto dramático orixinal a partir dunhas premisas dadas ou invención creativa complementaria partindo dun fragmento dramático dado (5 puntos)
 - 1.2.1. Cumprimento das premisas e demostración de coñecemento dos trazos formais dun texto dramático (2,5 puntos)
 - 1.2.2. Presenza de trazos de estilo e calidade literaria (2,5)

PREGUNTA 2. Comentario de texto dun fragmento de obra dramática atendendo aos seguintes aspectos (5 puntos)

- 2.1. Análises do contido (2 puntos)
- 2.2. Análises da forma (2 puntos)
- 2.3. Valoración crítica persoal. Considerarase positivo que o alumnado relacione o texto ou algún dos seus compoñentes con outras pezas, lecturas ou obras que coñeza (1 punto)

PREGUNTA 3. Desenvolver dúas das seguintes cuestións. Unha teórica e outra práctica (5 puntos)

- 3.1. Pregunta de desenvolvemento teórico e conceptual dun aspecto básico da literatura dramática (5 puntos)
 - 3.1.1. Precisión na definición (2,5)
 - 3.1.2. Valoración da súa funcionalidade na escritura dramática (2,5)

3.2. Creación dun texto dramático orixinal a partir dunhas premisas dadas ou invención creativa complementaria partindo dun fragmento dramático dado (5 puntos)

3.2.1. Cumprimento das premisas e demostración de coñecemento dos trazos formais dun texto dramático (2,5 puntos)

3.2.2. Presenza de trazos de estilo e calidade literaria (2,5)

PREGUNTA 4. Comentario dun aspecto formal nun fragmento dramático

4.1. Indicación e xustificación con exactitude do aspecto proposto (3 puntos).

4.2. Valoración crítica fundamentada do aspecto proposto e corrección empregada (2 puntos).

CONSIDERACIÓNS FINAIS

Como xa vos adiantamos, é vontade do grupo de traballo mantérmonos en contacto co profesorado da materia. Non dubidedes en contactar por correo electrónico para facernos chegar as vosas opinións, suxestións ou preguntas.

Non mantemos correspondencia con alumnas ou alumnos. O alumnado debe dirixir as súas dúbidas ao profesorado dos centros nos que cursa 2º de bacharelato ou ao profesorado do centro no que se matricula para as probas.

Novembro de 2023

Rosa Pérez

Universidade de Vigo

Directora do Grupo de Traballo de Literatura dramática

rosa@uvigo.gal